


Xogaina 7

Edición dixital



Editorial

Benqueridos lectores e lectoras:

Este curso será recordado quizais polo curso no que o CPI Cernadas de Castro se subiu definitivamente ó carro das novas tecnoloxías.

A nosa páxina web, que estiveses vendo antes de chegar a ler estas liñas que xa están viaxando polo ciberespazo, xunto cos blogues impulsados polo Departamento de Normalización e Dinamización Lingüística, Biblioteca, Departamento de Francés e os dous blogues que loitan pola ecoloxía e a conservación do medio ambiente baixo o proxecto de Climántica son unha boa mostra disto.

Sabemos que hai máis proxectos dixitais en preparación.

Sen embargo, se ben poidemos acadar ciberespazos novos para desenvolvernos, no espazo real do noso centro da Silva, onde temos que movernos e convivir sete horas ó día os problemas son moitos: tivemos durante todo o curso o ximnasio inutilizado por mor do que foron dúas goteiras sen arranxar, que por desleixo se converteron en vías de auga. O noso patio das mesas de ping pong está tamén a sufrir filtracións e goteiras. As aulas son insuficiente ante o aumento de alumnos e especializacións: as aulas específicas de inglés e francés tiveron que deixar o sitio a aulas xerais. Os materiais didácticos non atopan espazos para seren utilizados. A nosa nova biblioteca, que tanta falla nos fai, non se albisca... Tantas e tantas pequenas e grandes cousas que retrasan ou impiden dedicarnos ó noso labor favorito: ensinar e aprender... Queda dito.



PARA OS ERROS MOI GORDOS:

NO NÚMERO ANTERIOR DE XOGAINA TIVEMOS O GRANDÍSIMO ERRO DE ATRIBUIROMÉRITO DA PORTADA A UNHA DAS NOSAS ALUMNAS, QUE NON ERA A AUTORA.

PARA ENMENDALO QUEREMOS FACER CONSTAR QUE A SÚA VERDADEIRA AUTORA FOI :

SARA B. G. QUE ESTABA NAQUEL MOMENTO EN 5 CURSO A DE PRIMARIA.

AS NOSAS ENCARECIDAS DESCULPAS, E GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN.

Opinión:

CARTA DA CGENDL

Os membros da CGENDL, docentes que traballamos nos colexios e institutos no día a día e que, polo tanto, coñecemos a realidade dos centros e a súa situación lingüística, vemos con moita preocupación o problema xerado nos últimos tempos arredor da presenza das linguas no ensino, que derivou nunha confrontación aberta arredor dun ben común que nos tiña que unir, a lingua galega. Consideramos que a convivencia do galego e o castelán non ten que ser un problema senón unha vantaxe, unha oportunidade para a nosa sociedade. Algo que todos os estudos, e que o sentido común da inmensa maioría da poboación galega avala, vén sendo perigosamente interpretado dende determinados sectores políticos. E máis perigoso é que se trasladen ós centros de ensino problemas que non atenden a razóns pedagóxicas, abocándonos cara a un escenario de lamentable confrontación social. Ademais pensamos que dende unha perspectiva pedagóxica todos os implicados no ensino deberíamos centrarnos en conseguir que os nenos e nenas sexan igualmente competentes en galego e castelán. Polo tanto, o debate que se ten que abrir é precisamente este: que medidas temos que adoptar para conseguir que os rapaces e rapazas dominen plenamente as dúas linguas, tal e como establece a LOE.

Neste contexto elaboramos un tríptico destinado ás familias que é o que hoxe presentamos, e que se vai distribuír na medida das nosas limitadísimas posibilidades. Por que este tríptico?

porque parece que hai que volver recordar que o galego é a lingua propia de Galicia; que nos pertence a todos e todas e non podemos xogar co seu futuro,

porque intereses políticos, que non educativos, veñen de crear un problema no ensino arredor das dúas linguas oficiais que pode derivar nunha perigosa fractura social, polo tanto

COMO DOCENTES pensamos que debemos ofrecer información rigorosa sobre a aprendizaxe de linguas baseada en estudos científicos que se fixeron tanto dentro coma fóra da nosa comunidade.

E dito isto, queremos insistir en:

a. é unha sorte, non é unha desgraza, que a nosa comunidade conte cunha lingua milenaria, que nos debe unir. Polo tanto non se debe permitir que triunfe a idea de que o galego é un obstáculo para os estudantes, mantendo vellos prexuizos que no século XXI deberían estar plenamente superados, pero que pretenden manter relegada a lingua galega nun lugar secundario na sociedade.

b. se é evidente que para mellorar a competencia en lingua inglesa é necesario que se impartan en inglés determinadas materias, a sociedade galega debe asumir tamén o mesmo para a lingua galega, é dicir, que para saber galego é necesario "aprender en galego".

c. o galego segue a ser unha lingua minorizada na nosa comunidade e polo tanto necesita unha discriminación positiva tanto dentro coma fóra do ensino.

Estes parécennos motivos suficientes e razoables para difundir este tríptico entre as familias e a sociedade galega en xeral. Polo tanto, está á disposición de todos aqueles ENDL, ANPAS, direccións de centros ou calquera persoa da comunidade educativa ou relacionada co mundo do ensino, e mesmo da sociedade en xeral, que queira difundilo.

Educación para a cidadanía

En 1929 a economía de Estados Unidos colapsouse bruscamente. O 24 de outubro, o “xoves negro”, puxéronse á venda na bolsa de Nova Iorque preto de 13 millóns de accións, pero a falla de demanda afundiou os prezos. Ó crack bursátil sucedeuno a crise bancaria. A falla de liquidez provocou unha recesión no consumo que a industria tentou compensar baixando os prezos. Algunhas empresas pecharon e os agricultores quedaron na ruína. Todos estes factores deron lugar á Gran Depresión.

En 1932 o demócrata Franklyn D. Roosevelt gañou as eleccións e puxo en marcha o New Deal activando de novo o consumo e destinado a recupera-la economía.

K.K.K.

É o nome que adoptaron varias organizacións nos Estados Unidos que predicaron a supremacía da raza branca, o antisemitismo, racismo, anticatolicismo, anticomunismo, homofobia e “nativismo”. Estas organizacións recorreron ó terrorismo, violencia e actos intimidatorios como a queima de cruces, para oprimir ás súas vítimas.



A poucas horas da firma dun convenio de paz entre hutus e tutsis -respaldado pola ONU-, soldados hutus instigan por radio a rexeita-la invasión dos tutsis. No Hotel Ruanda o seu director é hutu e vese involucrado polos acontecementos cando ameazan á súa muller tutsi e ós seus fillos e veciños coa morte. Tralo asasinato do presidente ruandés comezan as matanzas indiscriminadas de tutsis a mans dos soldados e cidadáns hutus. Ó hotel comezan a chegar miles de persoas pedindo auxilio. As forzas internacionais chegan a Ruanda pero só para evacuar os cidadáns brancos e devolverlos ós seus países de orixe e con orde de non intervención. No hotel conseguiran protexerse e salvarse os case 1200 tutsis alí refuxiados.



Nunha cidade do sul dos Estados Unidos, na época da grande depresión, unha muller branca acusa de violación a un home negro. Aínda que a inocencia do home resulta evidente, o resultado do xuízo é tan previsible que ningún avogado faría nada para defendelo, excepto Atticus Finch (Gregory Peck) que intentará cambiar o que parece imposible.

Os hutus era o nome que recibía un dos tres grupos étnicos que ocupaban Burundi e Rwanda. Era o grupo maioritario.

Os tutsis era outro dos tres pobos nativos das Nacións de África Central, Rwanda e Burundi.

Apartheid

O apartheid é o resultado do que foi no século XX un fenómeno de segregación en Sudáfrica implantado por colonizadores holandeses os “Bóeres”. Foi chamado así porque a palabra significa “segregación”. . Xurdiron movementos en contra como os de Nelson Mandela.

Impactoume ver a tanta xente morta e ferida, tanto física como psicolóxicamente. Ademais de ver como a xente miraba para outro lado. E ter a man de matar a nenos que o único que fixeron foi existir. É unha realidade moi triste. Lorena G.B. 2'ESO A

Exposición: "A muller innovadora na ciencia"

No mes de xaneiro, á volta das vacacións do Nadal, tivemos a sorte de poder gozar da exposición itinerante "A muller innovadora na ciencia".

Esta exposición, que vai pasando polos distintos centros de ensino é unha iniciativa da Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela. Consta de 20 paneis coa vida e obra de mulleres de distintas matemáticas.

Neles atopamos investigadoras como: Hedu' Anna, Teano, Aglaonice, Caroline Herschel, Elena Lucrezia, Comaro Piscopia, Madame du Châtelet, Gaetana Agnesi, Sophie Germain, Mary Fairfax Somerville, Ada Byron, Sofía Kovalevskaya, Emmy Noether, Olga Taussky, Mary Lucy Cartwright o Charlotte Angas Scott.

Todas ellas, agás as do século XX, procedían de familias acomodadas e cun nivel cultural alto. En xeral, estiveron sempre á sombra dos seus cónxuxes; por exemplo Teano que era a muller de Pitágoras; ou Mileva Maric, a muller de Einstein. Moitas tiveron que loitar por entrar na universidade e que se lle recoñecese a súa valía.



Os alumnos/as amosaron un grande interese e tomaron nota dos aspectos máis relevantes da vida e obra destas grandes mulleres que fixeron a súa achega ó mundo da ciencia.

Nesta foto podemos ver ó alumnado de 3º de ESO absorto na exposición . Non deixedes de visitar a galería da nosa páxina web () onde atoparedes máis fotografías desta exposición.

Na páxina do [Centro Virtual de Divulgación das Matemáticas](#) podemos descargar a exposición e tamén materiais adicionais.



Darwin e os pinzóns



Naceu o 12 de febreiro de 1809 en Shrewsbury e morreu o 19 de abril de 1882 en Kent. Residía en Inglaterra (Reino Unido).

Traballou no campo da Bioloxía

Os pinzóns de Darwin: todos os paxaros son do mesmo tamaño (10-20 cm). As diferenzas máis importantes entre os pinzóns das diferentes illas que visitara Darwin na súa viaxe, encóntranse no tamaño e na forma do pico. Os distintos tipo de pico están plenamente adaptados ás diferentes fontes de alimentos que existían nas diferentes illas.

A evolución: A evolución biolóxica é o proceso continuo de transformación das especies a través dos cambios producidos en sucesivas xeracións, que se ve reflexado no cambio das frecuencias dunha determinada característica nunha poboación.

Unha árbore filoxenética e unha árbore que amosa as relacións de evolución entre varias especies ou outras entidades que se cre que tiveron unha descendencia común.

Darwin debuxou unha árbore filoxenética das especies dos seres vivos dende a orixe.

MAI KA B. 3' ESO C

O monóxido de carbono

O monóxido de carbono é un gas que non ten olor e non se pode ver, e é producido pola mala combustión de carbón, gasolina, ... Nun lugar pechado se non hai aireación a cantidade do monóxido de carbono aumenta rapidamente.

Se se inspira moito CO pode causar a morte, xa que vai polos pulmóns e pasa ós glóbulos vermellos, que levarán este gas en vez de osíxeno, e matan as células do corpo.

Os síntomas que produce son falta de alento, mareos, dores de cabeza, confusión mental... e finalmente a morte.

Hai moitos accidentes destes, durante todo ano, pero polo inverno hai máis porque encendemos caldeiras, fogóns, ... e por unha mala combustión fabrícase o CO.

Diego García 3 ESO C.

Curso de mediadores

QUE É A MEDIACIÓN?

-É un xeito pacífico de resolver os conflitos entre as dúas partes, no que unha terceira parte neutral - o mediador ou mediadora- axuda a que se atope unha solución.



DANIEL

Preguntas:

- 1- Por que te presentaches ó curso do mediadores?*
- 2- Que aprendeches no curso de mediadores?*
- 3- Pensas que podes ser un bo mediador/a. Por que?*



DESIRÉ

1- Porque a idea chamoume a atención e aburriame solucionar tódolos problemas a base de partes; entón, pois apunteime, e ó final foi moito mellor do que eu esperaba; sintome preparado para ser mediador.

2- Moitas cousas como falar ben, con educación; non rirme ante ningún caso, facer as preguntas boas, ser imparcial, que é moi importante e custoume moito. Pero aprendín no curso, aprendín máis do que pensaba... a verdade...

3- Home! Non sei! I so verase nas próximas mediacións, pero eu creo que si. Porque acabei bastante contento e con moitas ganas de comezar; pero, ademais as clases do curso estaban ben preparadas e aprendín, creo que o necesario, para ser mediador.

1- Presenteime porque pensei que era unha boa ocasión para aprender a ser un bo compañeiro e sobre todo para saber como arranxa-los conflitos.

2- A arranxar conflitos, a saber o que é unha mediación e como facer preguntas neutrais.

3- Supoño, pero creo que se non houbera outro compañeiro comigo á hora de facer unha mediación no sería capaz, xa que non sempre sabes que dicir e é moi doado equivocarse ou quedar calado.



STEVEN

1= Porque me parecía unha forma de resolver os conflitos dos demais.

2= Aprendín a ser máis comprensivo do que era e a escoitar máis.

3= De momento o único que vexo é que teño que mellorar bastante tódalas técnicas.




MARTÍN

1. Parecíame interesante e ao mesmo tempo divertido.

2. Aprendín a mediar entre dous alumnos do centro, que facer en casos de pelexas, etc...

3. Si, pero teño que controlar máis a risa.

Cuantos cuentos!



La maldición del faraón

Este libro yo lo compré porque me pareció muy entretenido y porque traía mucha información sobre Egipto y los signos que usaban los antiguos egipcios. Es muy interesante.

Javier Nieto Lado

Este trabajo ha sido hecho por los alumnos y alumnas de sexto A en la


Asignatura de Lengua Castellana




El libro "Un disparatado viaje a Ratikistán" fue elegido en nuestro grupo por las cualidades de ser divertido, ameno y para todas las edades. Este libro de la colección Gerónimo Stilton no es el único, pues tiene muchos otros de humor, aventuras...

Nuestro trabajo lo hicimos lo más completo posible y lo estructuramos de esta forma: en la portada (1ª página) pusimos la portada con dibujos de los personajes, en la página siguiente las biografías del autor y el protagonista con un dibujo del principio del libro; a continuación un dibujo que resumiera lo que pasó en el libro, después el resumen y otro dibujo del final del libro, para finalizar la contraportada, con el nombre y las firmas de los miembros del grupo:

María, Alba, Ángela y Rebeca.





Escogimos este libro porque nos pareció adecuado para nuestra edad, muy ameno y divertido. Aprendimos que con la imaginación... ¡se puede llegar a todas partes!

Grupo C.S.I. A Silva Marta, Sara y Cris



I mos de Rallye



Pedro Burgo debutou en 1994 cun Peugeot 205 no rallye de Ferrol. O ano seguinte presentouse á copa Pirelli, que conseguirá gañar o ano seguinte cun AX GTI. No 97, e conducindo un Peugeot 106 1.6 e co seu irmá como copiloto gañou a competición e convertiuse no terceiro absoluto do campionato seguinte; tamén no 98, cando se converteu en segundo absoluto. No 99 é cando dá o salto á competición nacional participando co seu irmán no trofeo SAXO, dentro do campionato de España de Rallyes de asfalto, conseguindo proclamarse subcampeón nas tempadas 2000 e 2001, e campeón nas dúas seguintes.

Posteriormente, conducindo un Clio Sport non acada bos resultados e abandona na tempada 2004. Posteriormente gañará algunha proba nos campionatos galego e nacional, co campionato galego de grupo N, e a victoria absoluta no rallye de Ferrol. O 2008 foi un bo ano para el, pois gañou todas as probas do campionato galego de rallyes.

Os que seguimos a súa traxectoria desexámoslle moitos éxitos no futuro.

Borja S. O. 2 A ESO